


PROXECTO
DE INNOVACIÓN EDUCATIVA
EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Traballa cos teus soños

CEIP do Carballal de Marín



 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

 XUNTA
DE GALICIA

1 Título do proxecto

No CEIP do Carballal de Marín realizamos unha serie de proxectos didácticos integrais (PDI) que son, en si, proxectos de dinamización da lingua galega. Vertebraron, en gran medida, as actividades comúns que se organizaron durante os últimos cursos. Teñen o centro neurálxico na biblioteca e contan coa colaboración do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

Por este motivo, o título do noso proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística (PIEDL) vai ser o mesmo que o que leva o PDI deste ano académico: "Traballa cos teus soños". As achegas presentadas a continuación xorden na súa totalidade do deseño dese plan de actuación. Nelas, sempre que nos referimos ao PDI, estámonos a referir tamén ao PIEDL.

2 Introducción. Contextualización e xustificación do proxecto

Decidimos presentar este proxecto anual no apartado de innovación polo feito de considerar as nosas fórmulas de actuación como tales. Están baseadas, fundamentalmente, no emprego sistemático de medios audiovisuais, pois considerámoslos potentes ferramentas educativas que lle levan achegando a este centro experiencias maravillosas desde que se instauraron.

Existen uns antecedentes neste senso que nos proporcionan unha continuidade e estabilidade, que se mostra nunha sinxela contextualización:

Contamos cunha canle de Youtube con preto de 625 persoas subscritoras e 260.000 visualizacións e un blog con 25.000 visitas. Neles quedan reflectidas todas as actuacións que realizamos en forma de videocreacións, cousa que nos permite facer valoracións sistemáticas e retomar contidos cando desexamos. A canle de Youtube e o blog teñen o mesmo nome: O Recuncho de Tambo. É recomendable botarlles unha ollada para ter unha idea do noso labor, pois cremos que é o noso buque insignia, creado con moitísimo traballo e constancia.

Neles pódense atopar diferentes apartados, organizados en listaxes de reprodución: videoclips (23), curtas de cine (11), actividades-saídas-festexos (187 vídeos), radio-TV (1 programa de televisión e 8 *podcasts*) e un apartado de videotutoriais tecnolóxicos de nova creación (2).

- Canle de Youtube: [ligazón](#)

- Blog: [ligazón](#)

O impacto producido na comunidade educativa é tal, que nos permite xustificar este proxecto con este binomio: canle audiovisual-blog.

2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro

A situación do galego no noso centro en particular e no Concello de Marín é, en xeral, moi preocupante.

Así queda reflectida na *addenda* ao Proxecto lingüístico de centro enviada á Inspección Educativa no mes de setembro. Os datos foron extraídos dunha enquisa realizada ao profesorado, alumnado e familias.

A conclusión é que, a pesar de contar cun 80 % do profesorado que emprega habitualmente o galego na aula, de crear medios de divulgación na lingua nai, de ter fondos en galego na biblioteca escolar, familiares que se dirixen á rapazada nesta lingua e actividades canalizadas en galego, non existe nestes momentos ningún neno ou nena que o empregue de forma habitual para expresarse oralmente.

Porén, a totalidade do alumnado goza realizando actividades audiovisuais en galego, séntese airoso e consome o material que semanalmente penduramos na nosa canle e no blog. Por este motivo consideramos que temos nas nosas mans un filón que deixa unha vía de esperanza para atopar unha solución a esta situación xeneralizada.

3 Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

Ante o problema de non ter rapazada galegofalante no noso colexio, deseñamos a finais de agosto e comezos de setembro, de forma consciente e planificada co fin de procurar un cambio, un proxecto didáctico integral anual en galego centrado nos soños (profesións soñadas, desexos etc.), destinado a todo o alumnado de educación infantil e primaria e vertebrado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e o da Biblioteca Escolar.

Esperamos que as medidas adoptadas sirvan como resposta e lle dean solución á necesidade detectada na análise sociolingüística, que é a nosa prioridade.

3.1 Presentación dos obxectivos

Os 10 obxectivos plasmados nesa liña de actuación son os seguintes:

- Empregar técnicas innovadoras que sexan atraentes para a mocidade á hora de obter os produtos do PDI e crear así un impacto educativo.
- Elaborar produtos imperecedoiros en galego de forma nova e orixinal que garanta unha continuidade.

- Lograr melloras permanentes e substanciais na situación lingüística da nosa comunidade escolar que revertan positivamente na dinámica lingüística habitual do proceso educativo.
- Fomentar o galego oral dentro e fóra das aulas coa variante dialectal do noso concello.
- Achegarlle o galego ao noso alumnado neofalante, estranxeiro ou procedente doutras comunidades autónomas (do que temos unha porcentaxe alta).
- Establecer fíos de contacto e unión con entidades e empresas locais para mellorar a valoración do emprego da lingua galega.
- Usar e potenciar o galego nas novas tecnoloxías da información e da comunicación existentes no noso centro.
- Implicar todo o profesorado, alumnado, materias e equipos docentes para establecer unha estratexia cooperativa.
- Eliminar prexuízos lingüísticos entre a comunidade educativa para dar sensación e opcións de futuro.
- Darlle cabida á igualdade de condicións e aos valores democráticos.

3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

A maior parte das estratexias propostas ten un prazo curto en canto a produción: creación de videoclips, deseño de videotitoriais tecnolóxicos en galego, elaboración de curtametraxes ou gravación, organización e edición de vídeos-resumo das actividades, saídas ou festexos.

Estes materiais, centrados na temática do PDI presentado, son a continuación dunha serie comezada cursos atrás e estarán listos a finais do segundo trimestre.

3.3 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

Polo feito de crear contidos imperecedoiros, pendurados na canle de Youtube e no blog, cada unha das estratexias citadas pasa a formar parte dunha serie de medidas artelladas para lograr obxectivos a longo prazo, que ano a ano, van medrando e que, aínda que mude a temática cada vez, teñen o mesmo propósito: crear novos usuarios do galego oral e escrito.

4 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

Os tres aspectos esixidos neste punto están estruturados de forma que favorezan e garantan a eficacia e os resultados do proxecto, así como a súa

posta en marcha. Destacamos tamén o apoio constante do Equipo Directivo no desenvolvemento.

4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en educativa en dinamización da lingua galega previstas

As actividades que imos expor a continuación son as que consideramos cun maior carácter innovador. Reflectir a totalidade do PDI (e do PIEDL) sería moi extenso. Fóronlle enviadas á Inspección Educativa de forma numerada, cunha temporización, asignación de tarefas, exposición de necesidades e recursos etc.

Inclúense ligazóns para que poder visualizar as entradas do blog ou os vídeos, xa que algunhas están producidas a día de hoxe.

Consideramos que esta é a mellor forma de visualizar o noso traballo, nun blog vivo e actualizado.

4.2 Título e descrición

Presentación do PDI e concurso para poñerlle título

A presentación do PDI desenvolveuse de forma conxunta coa apertura da biblioteca escolar o día 16 de outubro e consistiu nunha actividade ateigada de oralidade en galego, argallada polo alumnado de 5º de primaria, empregando a mascota do colexio (a tartaruga Tambo).

Realizouse unha emisión en directo desde a nosa canle de Youtube que todo o alumnado do centro visualizou nas pantallas dixitais na franxa horaria correspondente ao Plan lector (20 minutos dedicados á lectura libre na aula ordinaria que se realiza xusto despois do recreo).

Nesa emisión os participantes pistas e realizaron unha serie de visitas polas diferentes aulas, con *atrezzo* incluído, para animar a rapazada a caer pola biblioteca e investigar sobre a devandita temática, aínda non definida.

Pendurouse un cartel para anunciar un concurso. A proposta escrita en galego máis axeitada sería o título deste PDI anual.

A gañadora foi "Traballa cos teus soños".

[-Ligazón](#)

Por amor á nosa terra

Videoclip con música orixinal e karaoke realizado polo alumnado de 4º de primaria no obradoiro de audiovisuais. O texto da canción foi un discurso pronunciado por Manuel Fraguas durante unha entrevista.

Mestura imaxes da rapazada namentres canta con outras diante dun chroma no que aparecen diferentes lugares moi coñecidos de Galicia, como a Muralla de Lugo.

Aparecen tamén anacos da actividade desenvolvida no Día das Letras Galegas 2019, no que confeccionamos un mural dividido en pezas que foi gravado a vista de paxaro, por medio dun dron, durante a súa ensamblaxe colectiva.

- *Por amor á nosa terra*: [ligazón](#)

O enterro do galego

Curtametraxe realizada polo alumnado de Valores Sociais e Cívicos de 5º de primaria que pretende animar a falar en galego e expón a situación grave que está a vivir o idioma polo feito de deixar de ser empregado de forma oral pola rapazada do municipio. Na súa trama aparece un enterro do galego ao que asisten outros idiomas. Hai un final inesperado no que resucita ao ser usado novamente polos nenos e as nenas.

Esta curta non está aínda producida pero podemos deixar unha similar realizada no curso pasado e que ten a mesma intención.

- *Faino en galego*: [ligazón](#)

O alumnado que cursa esta materia xa ten realizado traballos audiovisuais na nosa lingua, relacionados con valores, en cursos pasados. Deixamos algúns exemplos de curtas e videoclips.

- *Faime casiño*: [ligazón](#)

- *O cole que queremos*: [ligazón](#)

- *Perreando*: [ligazón](#)

- *O segredo de Moad*: [ligazón](#)

Videotutorial sobre emprego da radio escolar

Videotutorial argallado polo alumnado de Valores de 5º de primaria para lle amosar ao resto dos nenos e das nenas, de forma oral e en galego, o uso básico da radio escolar: micrófonos, auriculares, divisor de auriculares, conectores, mesa de mesturas, gravación dos *podcasts* co programa Audacity nun PC etc.

Formará parte dunha serie de tres produtos. Os anteriores foron un sobre gravación e edición de audio para facer *podcasts* de radio escolar e outro para aprender a facer empréstito na biblioteca por medio do programa Meiga. Os aparellos tecnolóxicos dos que se trata levan un código QR que liga co vídeo correspondente.

Deixamos os que foron producidos no curso pasado.

- *Gravación e edición de audio*: [ligazón](#)

- *Empréstito e devolución de libros con Meiga*: [ligazón](#)

Soñar

Actividade argallada para o Día Escolar da Non Violencia e a Paz, relacionada co PDI, desenvolvida nun acto común o día 30 de xaneiro no ximnasio do colexio e dividida en tres partes:

- 1 Lectura da biografía de Martin Luther King Jr. e afondamento no seu discurso "I have a dream" (Teño un soño).
- 2 Exposición de carteis con soños de paz en cada unha das aulas.
- 3 Interpretación ao vivo, realizada por todo o alumnado e profesorado, da canción "Soñar" ([ligazón](#)) de Magín Blanco, arranxada polo mestre de música para guitarra acústica, frauta travesa e coro. Recibimos unha mensaxe de agradecemento do autor con posterioridade.

- [Ligazón](#)

Atrévete a soñar cun cesto de castañas

Actividade común para festexar o Magosto rodada en vídeo de forma artística na que o alumnado elaborou cestas sorprendentes relacionadas coa profesión dos seus soños (maioritariamente vinculada coa arte e os deportes) e que recibiron diferentes premios.

Empregouse como música de fondo para ese vídeo-resumo unha canción en galego relacionada coas castañas, composta o pasado curso polo alumnado de 4º de primaria.

Traballáronse tamén frases típicas en galego, cancións e refráns relacionados coas castañas e xogos tradicionais e varios membros da ANPA Viñas Blancas realizaron unha explicación a fondo desta festa tradicional.

- [Ligazón](#)

Samaín humorístico

Actividade común rodada en vídeo de forma artística na que o alumnado elaborou cabazas relacionadas co humor e con mensaxes en galego. Houbo premios para as mellores e ese mesmo día anunciouse o gañador do título do PDI. A temática vén da proposta polo Salón do Libro de Pontevedra 2020 co que colaboramos todos os anos.

A ANPA argallou un fantástico túnel do terror e convidou a sobremesas típicas e a rapazada acudiu con disfraces de medo.

- [Ligazón](#)

Ruxerruxe nas Ondas Radio-TV

Serie de tres programas de radio en directo en formato *podcast*, con sintonía e letra orixinais, argallados polo alumnado de 2º e 5º de primaria, no que

aparecen tres entrevistas en galego a persoeiros que tomamos como referentes para o proxecto didáctico integrado.

A primeira é unha entrevista a Ángel Paz (músico), a segunda, a Magín Blanco García (compositor de música infantil en galego) e a terceira, a Maika Brañas (actriz marinense) e Beatriz Serén. Temos un deles rematado.

- Entrevista a Ángel Paz: [ligazón](#)

Outros, realizados no curso pasado, que poden dar idea do fomento da oralidade en galego, son estes:

- Entrevista a Román Latas Calvo: [ligazón](#)

- O noso audiovisual nun Seminario Nacional: [ligazón](#)

- Entrevista a Carmen María Pomar Tojo: [ligazón](#)

Existe tamén un *podcast* pioneiro elaborado en maio de 2018, na Merenda Intercultural que realizamos anualmente, así como un programa de televisión de 30 minutos cunha entrevista a Fina Casalderrey, no que se empregan logos e cuñas ideados pola rapazada, dos que deixamos as ligazóns.

- XII Merenda Intercultural: [ligazón](#)

- Coñecendo a Fina Casalderrey, Xián Gutiérrez e Carmen Castro: [ligazón](#)

A sintonía da nosa radio-TV foi elaborada no curso 2017/2018 polo alumnado de 4º de primaria e presentouse por medio dun videoclip.

- *Ruxerruxe nas ondas*: [ligazón](#)

Violencia 0

Actividade común deseñada co gallo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, rodada en vídeo de forma artística, con música de fondo e letra orixinal composta para a ocasión. Realizouse coa colaboración do músico Ángel Paz (autor do disco *Invisibles* baseado no libro homónimo en galego de Montse Fajardo, que narra historias reais de mulleres maltratadas polas súas parellas ou ex-parellas) e o Mago Paco (que presentou en galego unha actividade relacionada coa igualdade de xénero).

Nun andar do colexio, recreamos un canellón con muros ateigados de mensaxes contra a violencia de xénero.

A actividade tivo como colofón a publicación do videoclip en galego *Violencia 0*, relacionado con esta temática, que foi cantado polo profesorado do centro e contén pictogramas ARASAAC para persoas con dificultades ou alteracións na comunicación.

- [Ligazón](#)

En cursos pasados xa elaboráramos un videoclip e unha curta sobre igualdade de xénero. A curta *Fals'è traedor* recibiu o premio VindeVídeos 2018.

- *María e Brais*: [ligazón](#)

- *Fals'e traedor*: [ligazón](#)

Un Nadal para soñar

Actividade común, rodada en vídeo de forma artística, que inclúe un belén relacionado co PDI, unha visita máxica do Mago Paco, un concerto de panxoliñas en galego, a visita dos Reis Magos, un tren turístico pola vila, ambientación e unha mensaxe que anima a falar galego.

A actividade está realizada coa colaboración da ANPA Viñas Blancas, implicada a cachón en todo o que lle propoñemos.

- [Ligazón](#)

Cucañas 2019

Actividade realizada coa colaboración do IES Mestre Landín, consistente en 21 probas en galego relacionadas coa ciencia. O alumnado participante, como en anos anteriores, foi o de 6º de primaria.

Non temos testemuña audiovisual da convocatoria deste curso pero si do pasado, nun vídeo con música e letra orixinais do alumnado e gravado de forma artística.

- *Cucañas 2018*: [ligazón](#)

Contos para soñar

Como vén sendo tradición no colexio, durante o primeiro trimestre publicamos un concurso de contos en galego relacionados coa temática do PDI. A actividade leva por título "Contos para soñar".

O conto gañador recibirá como agasallo unha adaptación audiovisual, a modo de videoclip, producido polo alumnado de 4º de primaria durante o segundo trimestre do curso.

- [Ligazón](#)

O relato gañador foi "Matías o fotógrafo" (dun alumno de 5º de primaria).

- [Ligazón](#)

Traballa cos teus soños

Videoclip argallado polo alumnado de 4º de primaria e baseado no conto citado anteriormente: "Matías o fotógrafo". A canción creada para este videoclip será a que se tome como himno do noso proxecto anual.

Está aínda por rematar, pero deixamos o que se realizou no curso pasado de forma similar e que levou por título *O soño*.

- [Ligazón](#)

No noso centro temos experiencia musicando contos en galego procedentes da biblioteca, ben da autoría do propio alumnado ou ben publicados por editoriais.

Deixamos algúns exemplos que recibiron premios.

- *O monstro de cores*: [Ligazón](#)
- *O mosquito Federico*: [Ligazón](#)
- *Andrés Milpés*: [Ligazón](#)

Un Entroido de soños

Actividade común de Entroido, que será rodada en vídeo de forma artística, con música orixinal en galego e disfraces temáticos (relacionados con profesións desexadas ou soños esperanzadores), organizados por cursos.

Deixamos a ligazón do Entroido do ano pasado (tamén con música orixinal), que foi todo un éxito. A actividade deste curso terá unha estrutura moi similar, debido á valoración positiva realizada pola comunidade educativa.

- *Entroido 2019*: [Ligazón](#)

Grupos e solistas para soñar

Serie de traballos audiovisuais en galego para traballar a oralidade, fundamentados en traballos de investigación de artistas musicais con importancia dentro da Historia. A edición está realizada polo alumnado de 6º de primaria e démoslle importancia ao emprego do galego e non tanto á súa perfección. En breve, faremos as correccións oportunas para pasar a unha fase de perfeccionamento.

Deixamos catro a modo de *podcast* ou programa de TV.

- *Héroes do silencio*: [ligazón](#)
- *Genesis*: [ligazón](#)
- *The Eagles*: [ligazón](#)
- *Amy Winehouse*: [ligazón](#)

Carvalheando

Actividade conxunta co CEPP Riomaior, consistente na elaboración dun videoclip con coreografía a partir da instrumentación dun poema do homenaxeado neste ano 2020 no Día das Letras Galegas: Ricardo Carvalho Calero. Traballaremos o reintegracionismo co alumnado e non alteraremos a letra do poema.

Deixamos unha serie de ligazóns a traballos co mesmo corte realizados en cursos anteriores.

- *Xa non teño medo*: [ligazón](#)

- Galicia: [ligazón](#)
- Casares-ton: [ligazón](#)

Soñamos cos Maios

O alumnado de 5º de primaria participará nesta festa tradicional, organizada coa axuda da ANPA, compoñendo coplas de Maios e embarcacións nas que empregará as dúas vertentes (crítica e poética) e introducirá na música un elemento modernizador por medio dunha base rítmica electrónica. Serán interpretadas o 1 de maio na alameda de Marín.

Realizará unha investigación previa, que afondará na entrevista realizada a Julio Santos Pena no curso pasado (dentro dunha serie documental completa sobre a nosa vila [ligazón](#)).

Tamén remexerá nun libro sobre os Maios no Concello de Marín, doado pola Deputación de Pontevedra, e nun vídeo non escolar gravado na celebración dos Maios, con alumnado do centro, en anos anteriores.

- *Os Maios*: [ligazón](#)
- *Maios e embarcacións 2018*: [ligazón](#)

Guías de lectura e música do Morrazo

Actividade de selección de libros e música en galego, para distintas franxas de idade, desenvolvida con centros do Morrazo e coa colaboración da Deputación de Pontevedra. Nunha ocasión propuxemos a mensaxe que leva a guía. A ilustración deste curso é do pai dun alumno.

-[Ligazón](#)

Mochilas viaxeiras

Actividade que vimos realizando desde hai anos e que presenta tres vertentes:

- 1 Entrega dunha mochila por aula que contén libros en galego e unha libreta para traballar a escrita coa opinión sobre eles. Cada alumno ou alumna teraa unha semana.
- 2 "A miña maleta": actividade para traballar a oralidade en galego. Cada alumna ou alumno debe levala para a casa e traer obxectos dentro que dean pé para falar da súa vida. Naceu na aula de Lingua Estranxeira de Inglés e deu tan bos resultados que decidimos incorporala en 6º de primaria co galego.
- 3 "Apadriñamentos lectores": o alumnado de 5º e 6º de primaria realiza contacontos en galego durante o Plan lector.

- [Ligazón](#)

Pequenos fenómenos e AGA

Actividade musical en galego na que unha alumna representou o centro no programa da TVG "Pequenos fenómenos" interpretando unha regueifa composta no Carballal.

[Ligazón](#)

[Ligazón](#)

[Ligazón](#)

Participamos tamén de forma activa nunha iniciativa entre a Academia Galega do Audiovisual e os centros escolares para a creación dun repositorio web con traballos audiovisuais escolares en galego. Cómpre engadir tamén un galardón escolar nos Premios Mestre Mateo.

Faro da Escola

Proxecto consistente na elaboración dun xornal en galego (redacción, maquetaxe etc.), publicado posteriormente polo *Faro de Vigo*.

Concursos audiovisuais

Desde hai anos vimos participando en certames audiovisuais que fomentan o emprego do galego. Neste curso seguiremonos presentando a algúns:

- 1- FicBueu: conta cunha serie de actividades audiovisuais en galego. [Ligazón](#)
- 2- Emove Festival: realizado en Madrid, acepta pezas en galego. Levamos xa catro traballos gañadores. [Ligazón](#)
- 3- Enreguéfate: organizado polo Concello de Teo, pretende fomentar a oralidade do galego por medio da regueifa. O pasado curso fomos gañadores con *Regueifando en Marín*. [Ligazón](#)
- 4- Olloboi: ofrece actividades con profesionais do audiovisual para facer minicurtas en galego. O pasado curso resultamos gañadores con *Regueifando en Marín*. [Ligazón](#)
- 5- Videoghit: organizado polo IES Pintor Colmeiro de Silleda, fomenta as pezas audiovisuais en galego. O pasado curso levamos dous premios con *Regueifando en Marín*. [Ligazón](#)
- 6- Ouff Escola: organizado polo Concello de Ourense, fomenta o emprego de pezas en galego. O pasado ano resultamos finalistas.

4.3 Obxectivos e proposta metodolóxica

Os obxectivos fundamentais que pretendemos acadar coa batería de actividades exposta con anterioridade son:

- Elaborar mensaxes orais en galego para anunciar actos cotiáns organizados polo alumnado e para realizar entrevistas.
 - Producir materiais en galego empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación (cancións, videoclips, curtametraxes, vídeos-resumo, *podcasts* de radio escolar, videotutoriais etc.).
 - Facer textos literarios escritos en galego, guións de actividades comúns do centro contidas no calendario escolar, noticias para o blog e carteis indicativos e de ambientación.
 - Asistir a actos artísticos e divulgativos diversos emitidos en lingua galega.
 - Empregar o galego en exposicións orais de traballos, realizadas pola rapazada ante un público escolar e extraescolar.
 - En definitiva: ser consciente de que en galego pode facerse calquera cousa, sentíndose orgulloso do seu emprego e da riqueza cultural que proporciona.
- Posto que a maior parte das actividades son audiovisuais, redactaremos a secuencia metodolóxica que seguimos para as desenvolver:
- Traballo de investigación: composición da letra ou guión das actividades e curtas.
 - Composición e gravación da música (Garage Band ou Logic) empregando diferentes estilos: folk, rock, rap, hip hop, pop, funky, heavy etc.
 - Gravación de voces, cun *casting* previo.
 - Mesturas dos audios (música coas voces).
 - Composición dun *storyboard* para artellar cada unha das secuencias dos vídeos. Todo o que se vai gravar ten que escribirse con anterioridade. Tivemos unha sesión de formación, neste senso, co director de cine pontevedrés Borja Mucientes.
 - Rodaxes por medio de equipos de traballo.
 - Montaxe, edición e posproducción co programa Final Cut.
 - Publicación do material na canle de YouTube e redacción da entrada da noticia no blog.

4.4 Xestión e temporización

As actividades están programadas ao longo dos diferentes trimestres co fin de conseguir un produto final composto polo traballo de todos os cursos do centro escolar participantes.

A xestión corre por conta do Equipo Directivo, EDLG, Biblioteca, Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, Obradoiro de Audiovisuais, titorías, Equipos de Ciclo e Equipo TIC. O tempo aproximado de consecución

de cada produto illado é duns dous meses, aínda que comezamos con varios á vez.

A realización doutros proxectos anteriores deste calibre foinos achegando experiencia en canto ao cálculo da temporización e fai que atinemos cada ano con máis exactitude.

5 Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa

A implicación humana ante calquera proxecto que se nos presenta sempre é moi ampla e abarca toda a comunidade educativa, situación que aproveitamos como un agasallo que vén do ceo.

Aínda así, precisamos atinar un pouco máis na asignación persoal de tarefas, xa que pouco a pouco imos descubrindo talentos no profesorado que poden reverter positivamente nos proxectos que fagamos de agora en diante.

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

Os recursos humanos implicados abranguen, practicamente, a totalidade da comunidade educativa: profesorado, alumnado, ANPA, familias, persoal non docente, profesionais contratados para a realización de actividades e colaboradores pertencentes a asociacións locais.

5.2 Recursos materiais que se van mobilizar

Os recursos materiais que precisamos para desenvolver o proxecto son basicamente recursos técnicos audiovisuais: cámara de vídeo, trípode, gravadora de audio, ordenador para vídeo e audio con software editor e boa conexión a Internet, dous iPads, dous Apple pencil, canón proxector, micrófono de estudio con antipop, auriculares, altofalante portátil, stedycam, pértega e un grupo de *atrezzo*.

6 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Citamos as seguintes: TVG, Asociación Olloboi, Urdime, ANPA Viñas Blancas, Deputación de Pontevedra, Concello de Marín, Real Academia Galega, Salón do Libro e USC.

7 Medidas de difusión do proxecto

Desde hai sete anos, todos os proxectos do CEIP do Carballal de Marín contan cunha fase de difusión popular á que lle dedicamos un tempo considerable.

Somos totalmente conscientes de que o blog, as redes sociais e, en definitiva, calquera información pendurada en Internet pasan a ser un produto que se espalla facilmente.

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

A difusión entre o alumnado e a comunidade educativa faise por medio do noso blog e da nosa canle de YouTube, que, como dixemos, conta con persoas subscritoras e visitas estables que, para tratarse dun centro escolar, son moi numerosas. A totalidade das familias ten subscrición e autorización asinada de dereitos de imaxe e temos a total seguridade de que a información lles chega.

Empregamos tamén a plataforma Abalar e a web do centro para facer comunicados especiais sobre o PIEDL e o PDI.

7.2 Na contorna ou noutros espazos

Moitas das nosas propostas tamén son difundidas pola contorna na prensa (*Diario de Pontevedra, La Voz de Galicia, Faro de Vigo ou Pontevedra Viva*), na televisión (TVG), en redes sociais de forma compartida, no Portal da lingua galega ou nos certames e concursos audiovisuais de ámbito estatal (internacionalización) e autonómico ou local aos que asistimos cada ano: Olloboi, eMove Festival, Videoghit, FicBueu, Ouff Escola ou Enreguéifate.

O feito de contarmos cuns recursos humanos e institucionais tan numerosos, provoca que os produtos cheguen a un número moi amplo de espectadores e a centos de familias.

8 Orzamento

Por ser un proxecto global en galego, o material funxible e técnico necesario xa era propiedade do centro ou foi adquirido polos Equipos de Ciclo ou a Biblioteca Escolar.

8.1 Xustificación e desagregación

Para mellorar a calidade dos produtos, precisamos mercar material novo específico por valor duns 2.324 € (as facturas están na secretaría do centro), que detallamos a continuación:

- Un iPad Pro 10,5", de 256 gigas (899 euros).
- Un New iPad (439 euros).
- Dúas fundas protectoras (124 euros).
- Dous Apple Pencil (198 euros).
- Un canón proxector ultracorto (664 euros).

Este material permítenos continuar cunha serie de avances tecnolóxicos que logramos adquirindo, aos poucos, o que precisábamos.

9 Plan de avaliación

Sempre que rematamos un produto facemos unha avaliación illada entre o profesorado e sobre todo entre o alumnado, a modo de asemblea, na que prevalece o carácter cualitativo.

O feito de publicar os vídeos na nosa plataforma (permite valoración) tamén nos aporta datos sobre a sensación positiva ou negativa creada na comunidade educativa.

Por experiencias negativas pasadas, decidimos non aceptar comentarios públicos na plataforma, pero si aceptamos o "gústame" ou "non me gusta".

Algunhas actividades que consideramos moi ben planificadas, desde un punto de vista didáctico e pedagóxico, mais que non tiveron boa aceptación popular, son analizadas por segunda vez.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Normalmente valoramos cuantitativamente con catro puntuacións:

1 (deficiente), 2 (aceptable), 3 (boa) e 4 (moi boa).

Ao remate, podemos obter unha valoración global do proxecto.

Os criterios e indicadores de avaliación empregados son:

- Consecución dos obxectivos propostos e análise das posibles desviacións.
- Grao de calidade e atino na coordinación das actividades.
- Grao de implicación dos membros participantes.
- Xestión económica das partidas.

- Distribución de espazos nos que se realizan as actividades.
- Recursos materiais empregados.
- Relación entre os membros participantes.
- Previsión de continuidade das medidas adoptadas durante o proxecto.
- Colaboracións con outros organismos ou entidades.
- Intensidade das actividades e grao de ilusión á hora de desenvolverlas.
- Implicación do Equipo Directivo.

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

O impacto das actividades que xa temos producidas, do mesmo xeito que en cursos anteriores, está a ser sorprendente. Consideramos que a parte lingüística e a oralidade son os puntos fortes.

As producións audiovisuais en galego rematadas ata o momento son coñecidas xa na contorna do colexio e incluso en municipios adxacentes. O alumnado e a comunidade educativa canta polos andares as cancións producidas en galego.

A produción de textos literarios en lingua galega tamén medrou moito nestes meses grazas aos obradoiros de escritura e ao concurso de contos. O emprego das palabras usadas nas curtas e nos videoclips tamén agroma no vocabulario oral da rapazada.

O máis salientable é que a vida cotiá do colexio desenvólvese en galego: fondos bibliográficos da biblioteca, carteis, lingua que canaliza as actividades comúns, lingua do blog e da canle de Youtube etc.

10 Profesorado participante. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado. Detalle das función e tarefas de cada unha das persoas implicadas

O profesorado participante abrangue a totalidade do claustro.

Indicamos 10 persoas que poden considerarse pequenos coordinadores de tarefas específicas.

O coordinador do EDLG e a coordinadora do Equipo de Biblioteca vertebran e organizan o groso das actividades e fanlles propostas aos ciclos.

O profesorado de cada un dos ciclos desenvolve as tarefas planificadas.

Existen mestres e mestras que representan cada un dos cursos de infantil e primaria.

Ademais, hai variedade nos equipos docentes.

A relación do profesorado participante e do coordinador é a seguinte:

<p>1 Patricia Cacharrón Carril: titora en 2º de primaria, membro do EDLG</p>	<p>Colaborará no <i>podcast</i>-entrevista a Magín Blanco.</p>
<p>2 Carmen González Moreira: titora en 4º de primaria</p>	<p>Axudará na elaboración dos videoclips.</p>
<p>3 María Jesús Aldao Pampín: titora de 5º de primaria e coordinadora da Biblioteca Escolar</p>	<p>Colaborará na actividade dos Maios, entrevista radiofónica a Maika Brañas e Beatriz Serén, concurso de contos, apadriñamentos lectores, presentación do PDI e concurso do título.</p> <p>Realiza labores de xestión e organización de actos comúns.</p> <p>É creadora das ideas fundamentais de todos os PDI que temos feito.</p>
<p>4 Eva María Santiago Álvarez: mestra de Lingua Estranxeira Inglés, membro do EDLG e Secretaria do centro</p>	<p>Colaborará na actividade "A miña maleta" e nos encontros coa Academia Galega do Audiovisual.</p>
<p>5 Milagros Paz García: titora en 6º de primaria e coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares</p>	<p>Participará nas actividades relacionadas coas festividades (Magosto, Entroido, Nadal, Día da Paz etc.), Cucañas, apadriñamentos lectores, "Grupos e solistas para soñar", entrevista radiofónica a Ángel Paz no 25 N e <i>Faro da Escola</i>.</p>
<p>6 Lidia Martínez Torres: titora de 6º de infantil e membro do EDLG</p>	<p>Encárgase da elaboración das "mochilas viaxeiras".</p>
<p>7 Víctor Alfonso Castro Martínez: coordinador deste proxecto, mestre de Educación Musical e Valores, coordinador do EDLG, responsable do obradoiro de audiovisuais e membro do Equipo de Biblioteca</p>	<p>Realizará os videoclips, curtametraxes e vídeos-resumo de actividades.</p> <p>Colaborará tamén na elaboración dos videotutoriais tecnolóxicos en galego, editará e publicará na canle de Youtube os vídeos creados, xestionará o blog, axudará nas tarefas de organización e xestión de actividades e estará inmerso en todas elas.</p>

	Asesorará o profesorado sobre aspectos artísticos do proxecto.
8 Paloma Pazos Soage: mestra de Educación Física e xefa de estudos	Colaborará na elaboración da coreografía do videoclip para as Letras Galegas así como na organización das festividades con actos comúns.
9 Yeray González López: titor en 5º de primaria, coordinador TIC e director	Dará asesoramento técnico e colaborará nas actividades festivas comúns. Asistirá co alumnado a festivais audiovisuais.
10 Marta Prieto Rego: mestra de Audición e Linguaxe, membro do EDLG	Colaborará na rodaxe de videoclips e curtas e na elaboración das guías de lectura.

11 Alumnado participante (curso, ciclo, número)

O proxecto vai dirixido á totalidade do alumnado do centro: 335 nenas e nenos. Temos tres aulas de educación infantil e doce de educación primaria con todos os niveis e dúas liñas.

12 Conclusión

Unha vez rematada a redacción deste documento, dámonos de conta da magnitude do proxecto pero tamén somos conscientes da cantidade de medidas que xa están en marcha ou finalizadas. Cremos que a nosa experiencia garante a consecución do que queda por facer.

Consideramos que as decisións tomadas para dinamizar o uso oral da lingua galega, empregando medios audiovisuais e poñendo en valor a nosa contorna, son claramente innovadoras.

